

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE FERROL**

*ANUNCIO de notificación da orde de realización de traballos de xestión da biomasa.*

De acordo co disposto no artigo 22.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, intentada esta, non se poida efectuar, esta farase mediante un anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial del Estado* e no taboleiro de anuncios do Concello, e conterá os datos catastrais da parcela.

As persoas responsables dispoñen dun prazo de quince días naturais para a realización dos traballos de xestión da biomasa nas parcelas indicadas.

Para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, a persoa interesada poderá comparecer no prazo de dez (10) días, contados desde ao seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, nas dependencias do Negociado de Medio Ambiente do Concello de Ferrol, sito na praza de Armas, s/n, das 9.00 ás 14.00 horas.

Transcorrido o dito prazo sen se efectuar a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a ditou, nun prazo dun mes, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación, na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Referencia/nº de expediente	Referencia catastral	Acto notificado	Interesado/a
INC 1/2022/1167 2022006103	15037A50104217	Resolución do 1.3.2023	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003



Referencia/nº de expediente	Referencia catastral	Acto notificado	Interesado/a
INC 9/2022/761 2022009756	15037A01600296	Resolución do 18.1.2023	32470183W (herdeiros)

Ferrol, 8 de marzo de 2023

O alcalde

P.D. (Resolución do 8.7.2019, BOP núm. 137, do 22 de xullo)

Ana Lamas Villar

Concelleira delegada da Área de Servizos, Obras,  
Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá

